



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de xaneiro de 2020**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dez de xaneiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro, ordinaria do 27 de decembro e extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2.- DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, SETEMBRO-DECEMBRO 2019. EXPTE. 24086/332.

Visto o informe de fiscalización do 30/12/19, dáse conta do informe-proposta do 23/12/19, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2019, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2019 (Expte 22905/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **3 de setembro ate o 12 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 84 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.



Concello de Vigo

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo setembro a decembro de 2019, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:
"Aproba-la cantidade de **3.185,46.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2019, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(03/09/2019 - 12/12/2019)12 X 39,78.-€
477,36.-€

Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: 36.080.259-K, GRUPO A1
(24/09/2019 - 26/11/2019) 4 X 39,78.-€
159,12.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1
(08/10/2019 - 27/11/2018) 8 X 36,72.-€
293,76.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1
(08/10/2019 - 24/10/2019) 4 X 39,78.-€
159,12.-€

Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: 76.986.963-Y, GRUPO A1
(30/09/2019 - 27/11/2019) 7 X 39,78.-€
278,46.-€

Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1
(25/09/2019 - 04/11/2019) 6 X 36,72.-€
220,32.-€

Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: 36.091.654-P, GRUPO C1
(01/10/2019 - 11/12/2019) 8 X 36,72.-€
293,76.-€

Zona 8. MARIA JOSE FARALDO RIVAS, , NIF: 36.056.377-J GRUPO C2
(06/09/2019 - 12/11/2019) 9 X 36,72.-€
330,48.-€

Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: 36.067.074-S, GRUPO C1

(17/09/2019 - 03/12/2019) 12 X 36,72.-€
440,64.-€

Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2
(22/10/2019 - 03/12/2019) 2 X 39,78.-€
79,56.-€

Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 36.069.110-G, GRUPO A2
(07/09/2019 - 17/10/2019) 4 X 39,78.-€
159,12.-€

Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: 36.035.364-E, GRUPO C1
(26/09/2019 - 20/11/2019) 8 X 36,72.-€
293,76.-€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3.- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 2719/334

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de decembro de 2019.

| | |
|------------------------|---|
| Expediente | 2666-334. REALIZACIÓN DE DE 2 -IMOS LEVARNOS BEN- CONTAS DIRIXIDAS A PÚBLICO FAMILIAR (CON NENOS E NENAS DE + DE 3 ANOS SOBRE O NADAL), E 4 -IMOS CANTAR O NADAL-, OBRA-DOIRO SOBRE O NADAL GALEGO (ACTIVIDADE CUXA FINALIDADE É A RECUPERACIÓN DOS CANTOS DE REIS) |
| Resolución concelleira | data 5 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 87179 |
| Adxudicatario | Antaxurada, S.L.U. (nome artístico: Xandobela) |
| Importe | 1.470,15 euros |



Concello de Vigo

| | |
|------------------------|--|
| Expediente | 2667-334. REALIZACIÓN DE 5 ESPECTÁCULOS MÚSICO-TEATRAIS EN LINGUA GALEGA PARA PÚBLICO FAMILIAR, A FAVOR DE MIGALLAS TEATRO, S.L. |
| Resolución concelleira | data 5 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 87395 |
| Adxudicatario | Migallas Teatro, S.L. |
| Importe | 1.500,00 euros |

| | |
|------------------------|--|
| Expediente | 2668-334. REALIZACIÓN DE DE 2 ACTIVIDADES (ANTÓN E O APALPADOR) E (BUSCANDO UNHA ESTRELA), CUXA FINALIDADE É A RECUPERACIÓN DOS COSTUMES DO NADAL GALEGO |
| Resolución concelleira | data 5 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 87396 |
| Adxudicatario | Barafunda |
| Importe | 726,00 euros |

| | |
|------------------------|--|
| Expediente | 2670-334. REALIZACIÓN DE 4 "CANTOS DE REIS" EN DIFERENTES LUGARES DA CIDADE (BOUZAS, O CALVARIO, NAVIA E TEIS) NESTE VINDEIRO MES DE NADAL |
| Resolución concelleira | data 10 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 88326 |
| Adxudicatario | A.V.C. Casco Vello |
| Importe | 1.000,00 euros |

| | |
|------------------------|---|
| Expediente | 2679-334. REALIZACIÓN DA REEDICIÓN DE 100 EXEMPLARES DE CADA UN DOS SEGUINTE VOLUMES DA COLECCIÓN "TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO": 1 (COIA), 2 (LAVADORES), 3 (BEADE), 4 (SÁRDOMA-FREIXIEIRO), 6 (BEMBRIVE) E 7 (CANDEÁN) |
| Resolución concelleira | data 20 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 92273 |
| Adxudicatario | Tórculo, Comunicación gráfica, S.L. |
| Importe | 5.194,27 euros |

| | |
|------------------------|---|
| Expediente | 2682-334. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E OBRADOIROS CIENTÍFICOS DURANTE AS VACACIÓNS ESCOLARES DE NADAL EN DIFERENTES ESPAZOS MUNICIPAIS (CASA DA XUVENTUDE, CAMPAMENTOS DE NADAL, CARPA DE NAVIA...) |
| Resolución concelleira | data 20 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 93275 |
| Adxudicatario | Ceo Aberto, S.L. |
| Importe | 5.566,00 euros |

| | |
|------------------------|---|
| Expediente | 2689-334. CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN (1.204,20) POLA MERCA DE LIBROS E OUTRO MATERIAL DE CONSULTA A FAVOR DE MARÍA ISABEL TATO SÁNCHEZ (LIBRERÍA CARTABÓN) 36025119N |
| Resolución concelleira | data 23 de decembro de 2019 |
| Informe Intervención | RC 95314 |
| Adxudicatario | María Isabel Tato Sánchez (Librería Cartabón) |
| Importe | 1.204,20 euros |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4.- NOMEAMENTO INTERINO CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE CINCO MESTRES DE FORMACIÓN, ESPECIALIDADES: PINTURA, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA, OURIVARÍA, DEBUXO E MODA E CONFECCIÓN, CORRESPONDENTES Á OEP 2019, PARA A EMAO. EXPTE. 35237/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/01/20, dáse conta do informe-proposta do 02/01/20 asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 30/08/2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2019 (expdte. 33237/220), publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

2.- En documento nº 190096542, a xefa do servizo de Educación coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Educación, manifesta a necesidade da cobertura urxente de 5 postos de traballo como mestres de formación para a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), especialidades: Pintura, Debuxo Artístico, Moda e Confección, Ourivaría e Serigrafía Artística, correspondente á OEP 2019.

3.- Con data 02/01/2020 o técnico de organización e planificación de recursos humanos e formación emite informe, incluíndo a proposta de gasto, constando o mesmo no expediente, que literalmente dí:

*“A data de hoxe, figuran aprobadas e pendentes de executar dúas ofertas de emprego público nas que se inclúen prazas de **Mestre de Formación**, pola quenda libre, segundo seguinte detalle:*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017, publicada no DOG de 21/06/2018 e modificación no DOG de 12/09/2016, na que se ofertan **cinco prazas**. Faise constar que na actualidade presta servizos na EMAO un traballador laboral indefinido pero non fixo por sentenza xudicial firme núm. 5/2007, do 23/01/2008.*

*- Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, publicada no DOG de 25/09/2019, na que se ofertan **cinco prazas**, en situación de vacante libre.*



Concello de Vigo

O presente expediente do nomeamento interino con cargo a prazas vacantes de Mestre de Formación, incluídas na **Oferta de Emprego Público, correspondente ao ano 2019**, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/08/2019, publicada no BOP de 11 de setembro de 2019, e no DOG de 25 de setembro seguinte, asociada a posto cód. 655 da vixente Relación de Postos de Traballo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2020 e exercicios sucesivos ata a execución da referida oferta de emprego.

No Servizo, cód. 613-E.M.A.O, aplicación orzamentaria 326.1 do vixente orzamento, existen prazas e conseguíntes postos vacantes de Mestre de Formación, subgrupo C1 de Titulación, cód. 655. En consecuencia, existe nese Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta.

O custo anual dos cinco postos vacantes de Mestre Formación para o exercicio 2020 e de 196.115,30€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 53.878,50€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 36.121,40€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 65.217,60€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 40.897,80€), significando que **o custe máximo para o presente ano deste expediente será de 192.463,92€ (dos que 152.335,68€ corresponden a retribucións e, 40.128,24 a seguridade social a cargo da Empresa), gasto correspondente a un máximo de 11 meses e 24 días, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 8 de xaneiro de 2020.**

O gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, **incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso**, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”. Significar así mesmo que ata a data foron tramitadas dezaseis modificacións orzamentarias por importe total de 7,685,375,13€, con cargo a prazas vacantes, polo que de procederse a cobertura dun número elevado de vacantes non será posible manter o nivel de gasto das partidas antes mencionadas.

Polo técnico que subscribe, enténdese a necesidade de realizar a correcta planificación da cobertura de novos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes incluídas nas

OEPs pendentes de executar, priorizando segundo as necesidades detectadas nos distintos Servizos municipais, aos efectos de garantir a cobertura orzamentaria dos gastos previstos no Capítulo I do Orzamento de Gastos no vindeiro ano 2020.

Deste xeito, tendo en conta os créditos dos postos vacantes, a execución das OEPs pendentes ao longo do ano 2020 e seguintes e a previsión de gastos a realizar no Capítulo I, en principio está garantida ata a data do presente informe as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.

En conclusión, as cinco prazas de Mestre de Formación incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente”.

4.- A Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 30/12/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para que, polo procedemento legal oportuno, sempre na medida das posibilidades legais e de dispoñibilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais; e previa a realización da tramitación administrativa preceptiva, se proceda á incorporación dos efectivos solicitados. Así, debe procederse á correspondente proposta á Xunta de Goberno Local para o nomeamento interino con cargo a vacante de cinco mestres de formación especialidades: Pintura, Serigrafía Artística, Ourivaría, Debuxo e Moda e Confección, correspondente á oferta de emprego público 2019, previstos no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente ditas prazas, previa resolución dos procedementos selectivos, competitivos e públicos incluídos na oferta de emprego correspondente ao ano 2019.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año corres-



Concello de Vigo

pondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019, segundo o caso.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2019, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 30/08/2019.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 655-mestres formación), adscritos a Escola Municipal de Artes e Oficios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da xefa do servizo de Educación, solicitando a cobertura das vacantes, así coma a instrución da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de data 30/12/2019, no que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente:

“O custo anual dos cinco postos vacantes de Mestre Formación para o exercicio 2020 e de 196.115,30€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base, por un importe anual de 53.878,50€), 121.0003 (complemento de destino, por un importe anual de 36.121,40€), 121.0103 (complemento específico por un importe anual de 65.217,60€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 40.897,80€), significando que **o custe máximo para o presente ano deste expediente será de 192.463,92€ (dos que 152.335,68€ corresponden a retribucións e, 40.128,24 a seguridade social a cargo da Empresa), gasto correspondente a un máximo de 11 meses e 24 días, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 8 de xaneiro de 2020**”.

Advírtese no citado informe que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das

Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”. Significar así mesmo que ata a data foron tramitadas dezaseis modificacións orzamentarias por importe total de 7,685,375,13€, con cargo a prazas vacantes, polo que de procederse a cobertura dun número elevado de vacantes non será posible manter o nivel de gasto das partidas antes mencionadas.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa asinada polo técnico de Organización e Planificación que obra no expediente “Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, con cargo ás prazas vacantes de Mestres de Formación, especialidades: Pintura, Ourivaría, Serigrafía Artística, Debuxo Artístico e, Moda e Confección, incluídas nas OEP 2019, de: D. Dario Álvarez Basso, con DNI ***6893**, D^a. Sandra M^a de Jesús Fernández, con DNI ***7121**, D^a. Alba Carmen Pardo Cartelle, con DNI ***7332**, D. Federico Fernández Alonso, con DNI ***1816** e, D^a Emma González Pintos, con DNI ***7153**, respectivamente de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmo/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos nomeamentos interinos con cargo as vacantes segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño dos postos.

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina con cargo a vacante de **cinco mestres de formación** correspondentes á Oferta de Emprego Público 2019, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **192.463,92 €** (dos que **152.335,68 €** corresponden a retribucións e, **40.128,24 €** a seguridade social a cargo da Empresa).

Dito custo para o presente exercicio 2020 imputarase con cargo ao programa orzamentario 326.1, partidas orzamentarias: 120.0300 (soldo base), 121.0003 (complemento destino),



Concello de Vigo

121.0103 (complemento específico) e 160.0000 (seguridade social a cargo da empresa), do presuposto orzamentario 326.1.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as, como Mestres de Formación con cargo ás prazas vacantes da OEP, especialidades: Pintura a Dario Álvarez Basso, d.n.i. nº ***6893**; Serigrafía Artística a Alba Carme Pardo Cartelle, d.n.i. nº ***7332**; Ourivaría a Sandra María de Jesús Fernández, d.n.i. nº ***7121**; Debuxo Artístico a Federico Fernández Alonso, d.n.i. nº ***1816** e Moda e Confección a Emma González Pintos, d.n.i. nº ***7153**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución dos procedementos selectivos, competitivos e públicos incluídos na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 655-mestres de formación.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo os/as aspirantes nomeados/as, a xefatura do servizo de Educación, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN TEÓRICA E TEÓRICO-PRÁCTICA EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 327/2202.

Visto o informe xurídico do 03/01/20 e informe de fiscalización do 07/01/20, dáse conta do informe-proposta do 19/12/19, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Organización Municipal e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 21 de xaneiro de 2019 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 17 de xaneiro de 2019 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 327/2202).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración” determínase expresamente a posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 21 de xaneiro de 2019, e a prestación do servizo comezou ese mesmo día, co que finaliza o 20 de xaneiro de 2020. O prezo do contrato é de 20.000 € anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consecuencia, procede efectuar a prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de “PLAN RISCOS LABORAIS” (partida 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o exercicio económico 2020.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa da área de RRHH e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 21 de xaneiro de 2019 coa empresa Quirón



Concello de Vigo

Prevención, S.L., con CIF B64076482, para o período comprendido entre o 21 de xaneiro de 2020 e o 20 de xaneiro de 2021, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2019; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 20.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria “PLAN RISCOS LABORAIS” (partida 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o exercicio económico 2020, de acordo coas seguintes anualidades: ano 2020: 18.904,11 euros e ano 2021: 1.095,89 euros.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6.- CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DE DOUS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES DA MESMA DENOMINACIÓN CORRESPONDENTES Á OEP 2019 PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 34938/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/19, dáse conta do informe-proposta do 11/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 30/08/2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2019(expte. 33237/220), publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

2.- Con data 02/10/2019, o director técnico do servizo de deportes, coa conformidade do concelleiro delegado de deportes, solicitan, entre outros, a cobertura de dúas prazas de oficial de instalacións e tres prazas de oficiais de mantemento vacantes na oferta de emprego público 2019, manifestando que a cobertura destas vacantes é necesaria e imprescindible para a cobertura das necesidades estruturais do servizo.

3.- Solicitado informe técnico, acerca de si existen as cinco vacantes solicitadas e de ser posible a contratación, gasto económico do mesmo, na data 04/11/2019, se informa que na oferta de emprego público 2019, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 30/08/2019, publicada no BOP de 11 de setembro de 2019 e no DOG de 25 de setembro seguinte, existen prazas vacantes de dous oficiais de instalacións e de tres oficiais de mantemento, códs. 615 e 616, respectivamente da Relación de Postos de Traballo.

Continúa sinalando que “O custo anual dun posto de Oficial de Instalacións como o de Oficial de mantemento para o exercicio 2019 e de 33.104,20€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.028,60€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de

9.075,60€, significando que o custe máximo anual do presente expediente para o presente ano será de 18.483,18€ (dos que 13.415,97€ corresponden a retribucións e, 5.067,21 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 1,34 meses, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 21 de novembro actual.”

O técnico subscribe ademais que “ En conclusión, as cinco prazas antes mencionadas de Oficial de Oficios (Oficial de Instalacións e, Oficial de Mantemento, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime laboral.”

4.- A tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 04/11/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible, á correspondente proposta á Xunta de Goberno Local da contratación laboral interina das dúas prazas vacantes de oficial de instalacións e das tres prazas de oficiais de mantemento incluídas na oferta de emprego público 2019, prevista nos artigos 7, 8 e 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e normativa de concordante aplicación, e 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30/08/2019, publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

Comentar ao respecto que neste intre non existen listas de reserva para a categoría de oficiais de mantemento.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral interino con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.



Concello de Vigo

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso as **contratacións interinas laborais** efectúanse en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019. As referidas prazas (persoal laboral)foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2019 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/08/2019(expte. 33237/220), publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo conviado ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por

cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Os/as funcionarios/as-contratados/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 615-Oficial de instalacións deportivas), adscrito ao Servizo de Deportes, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito do director técnico do servizo de deportes solicitando a cobertura das vacantes, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta, "O custo anual dun posto de Oficial de Instalacións como o de Oficial de



Concello de Vigo

mantemento para o exercicio 2019 e de 33.104,20€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.028,60€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 9.075,60€, significando que **o custe máximo anual do presente expediente para o presente ano será de 18.483,18€ (dos que 13.415,97€ corresponden a retribucións e, 5.067,21 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 1,34 meses, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 21 de novembro actual.**”

Tendo en conta que o técnico informa para o caso de cinco oficiais (dous/dúas oficias de instalacións e tres oficiais de mantemento), o custo máximo anual do presente expediente para dous/dúas oficiais de instalacións para o presente ano será de **5.366,39 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **2.026,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2019 imputarase con cargo ao programa orzamentario 342.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

Igualmente, no informe técnico especificase que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, **incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso**, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sustentabilidade do Capítulo I do Orzamento para o ano 2020, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:

“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.140000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”.

Engade así mesmo que ata a data foron tramitadas dezasete modificacións orzamentarias por importe total de 7.709.935,13€, con cargo a prazas vacantes, polo que de procederse a cobertura dun número elevado de vacantes non será posible manter o nivel de gasto das partidas antes mencionadas e entende a necesidade de realizar a correcta planificación da cobertura de novos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes incluídas nas OEPs pendentes de executar, priorizando segundo as necesidades detectadas nos distintos Servizos municipais, aos efectos de garantir a cobertura orzamentaria dos gastos previstos no Capítulo I do Orzamento de Gastos no vindeiro ano 2020.

Deste xeito, tendo en conta os créditos dos postos vacantes, a execución das OEPs pendentes ao longo do ano 2020 e seguintes e a previsión de gastos a realizar no Capítulo I,

está garantida ata a data do presente informe as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como oficiais de instalacións de D. Manuel Ángel Currás Villar, con DNI ***0982** e D. José Luis Silva Pereira, con DNI ***0448**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo ás prazas vacantes de oficial de instalacións correspondentes á oferta de emprego público 2019, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** de dúas prazas de **oficiais de instalacións deportivas**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociadas aos postos de traballo coa mesma denominación, cód. Retributivo cód. 615-Oficial de instalacións deportivas, actualmente vacantes no Servizo de Deportes e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, estimando a sinatura do contrato laboral interino como pronto con data



Concello de Vigo

21/11/2019, autorizar o gasto de **5.366,39 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **2.026,88 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2019 imputarase con cargo ao programa orzamentario 342.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo ás referidas prazas vacantes de oficiais de instalacións deportivas a D. Manuel Ángel Currás Villar, con DNI ***0982** e a D. José Luis Silva Pereira, con DNI ***0448**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que aos interesados se lles formalizará contrato laboral-temporal de interinidade, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 615-oficial de instalacións deportivas, vacantes na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscritos ao Servizo de Deportes, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de oficiais de instalacións deportivas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2019, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30/08/2019, no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

CUARTO: A xornada laboral dos/as traballadores/as contratados/as desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes contratados/as, ao Xefe do servizo de Deportes, ao Director técnico do servizo de Deportes, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE PLAN NORMATIVO ANUAL CORRESPONDENTE AO ANO 2020. EXPTE. 1648/110.

Dáse conta do informe-proposta do 08/01/20, asindo polo secretario do Pleno e a concelleira de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 26.09.2019.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

-Ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico.

Obxectivo da norma: Regulación da protección do medio ambiente atmosférico no Concello de Vigo. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación no Concello de Vigo.

Derrogación normativa: Vixente Ordenanza municipal de protección do Medio Ambiente Atmosférico (BOP 18/10/1994).

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.



Concello de Vigo

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3ª cuatrimestre do 2020.

-Regulamento municipal de cemiterios.

Obxectivo da norma: Regulación dos servizos de cemiterio municipal. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación dos cemiterios municipais.

Derrogación normativa: Vixente regulamento municipal de cemiterios. Ano 1961.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

II. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Obxectivo da norma: Desenvolvemento da Lei 3/2007, de 9 abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia no ámbito das competencias municipais.

Derrogación normativa: Non se prevé.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

III. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área de Fomento e Servizos.

Ordenanza municipal de vertidos non domésticos de augas residuais.

Obxectivo da norma: Regulación dos vertidos non doméstico a rede municipal de abastecemento. Desenvolvemento da normativa estatal e autonómica e regulación no termo municipal de Vigo.

Derrogación normativa: Vixente Ordenanza municipal dos vertidos (BOP 18/10/1994).

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

IV. Área Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Ordenanza municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns/ás e empresas co Concello de Vigo e os organismos a el vinculados, concretando determinadas previsións das Leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónico nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Necesidade de avaliación: Xustificación, comprobar o grao de implantación da administración electrónica e avaliar a utilización pola cidadanía e demais suxeitos, a súa funcionalidade e operatividade, mediante enquisas e o establecemento de indicadores municipais de seguimento.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: xa concluído (marzo 17) (art. 133.1 Lei 39/2015).

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: novembro 2019.

Data estimada Informes de impacto servizos varios: outubro 2019.

Data estimada informe proposta: novembro 2019.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: novembro 2019.

Data estimada de informe de Intervención: decembro 2019.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: decembro de 2019.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: xaneiro de 2020.



Concello de Vigo

Data estimada de audiencia pública e información pública: xaneiro 2018.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: marzo 2020.

V. Área Parques e Xardíns, Comercio, Distritos

Ordenanza reguladora do comercio de Vigo.

Obxectivo da norma: Adecuación do marco legal vixente (Lei 13/2010, de 17 de decembro, comercio interior de Galicia, Lei 1/2010, do 1 de marzo, ordenación de comercio minorista).

Derrogación normativa: Ordenanza reguladora da venda na rúa e espazos abertos (BOP nº 246 de 27.12.1995).

Tramitación: Prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: Decembro 2019.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2020.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2020.

VI. Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

-Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.

Obxectivo da norma: Debido á proliferación dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) nos espazos públicos da cidade e, en ausencia de regulación específica, co obxecto de favorecer a seguridade vial e garantir a circulación destes vehículos de forma adaptada e segura,

facéndoa compatible cos distintos usos da vía pública, preténdese aprobar unha normativa municipal reguladora.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Ordenanza reguladora de VAOS, reservas de estacionamento en vía pública e accesibilidade de persoas con diversidade funcionalidade.

Obxectivo da norma:

- Regular o paso de vehículos en vía pública a efectos de garantir o acceso rodado a inmobles en condicións de seguridade.
- Establecemento de criterios materiais para reservas especiais de estacionamento (aproveitamento especial do dominio público).
- Establecemento de criterios materiais para garantir a accesibilidade das persoas con diversidade funcional a zonas de estacionamento envía pública, así como, xustificación da expedición de tarxetas de estacionamento.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre.

Data estimada doutros informes/trámites: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe proposta: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe secretario xeral do Pleno: 1º cuatrimestre.

Data estimada informe de Intervención: 1º cuatrimestre.



Concello de Vigo

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre.

Data estimada de audiencia e información pública: 2º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

VII. Área de Fomento e Servizos.

-Regulamento Xeral Aparcadoiros Públicos da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Regulación xeral das condicións de uso dos aparcadoiros públicos da cidade.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: maio 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: setembro 2020.

-Modificación da ordenanza reguladora do servizo de Taxi da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal reguladora do servizo ao disposto no Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio.

Á vista do esixido na normativa autonómica, e en previsión de mellorar as novas necesidades xurdidas dende a data de aprobación da vixente ordenanza que regula o servizo de taxi no Concello de Vigo, considérase preciso a realización de modificacións na ordenanza para adaptala as novas circunstancias do sector e axustarse e dar cumprimento ó disposto na citada disposición segunda

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: xaneiro 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: febreiro 2020.

Data estimada de aprobación inicial Pleno: marzo 2020.

-Regulamento Regulador do servizo público de Transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.

Obxectivo da norma: Dar cumprimento ao disposto no artigo 284 nº 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 , no que se establecese :

“Antes de proceder a contratación dunha concesión de servizos, nos casos en que se trate de servizos públicos, deberá haberse establecido seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados.

Derrogación normativa: Calquera previsión regulamentaria municipal que entre en contradición co texto normativo.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: do 9.08.19 a 10.09.19

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: novembro 2019.

Aprobación inicial Pleno: novembro 2019.

-Regulamento Municipal regulador das instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo.

Obxectivo da norma: Actualización desta normas para mellorar e adecuar as condicións mínimas que deberán cumprir as instalacións de Iluminación Pública tanto de promoción privada como as executadas directamente polo Concello de Vigo, para poder ser recibidas posteriormente polo Servizo Técnico Municipal, para a súa explotación e mantemento. Así adecuar o presente Regulamento en relación a medidas de fomento do aforro e eficiencia enerxética no alumeado público, así como a regulación dos criterios sobre a contaminación lumínica.

Derrogación normativa: Regulamento Municipal regulador das instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo, aprobada polo Pleno: 31 de marzo de 2006. Publicación no BOP: 16 de maio de 2006. Entrada en vigor: 16 de xuño de 2006.



Concello de Vigo

Necesidade de avaliación: Xustificación, comprobación do grao de implantación e aplicación das medidas de aforro enerxético.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

Obxectivo da norma: Actualización desta ordenanza que regula as condicións que debe cumprir calquera instalación de iluminación exterior, tanto pública como privada, situada no termo municipal de Vigo, co fin de mellorar a protección do medio mediante o uso eficiente e racional da enerxía que consumen e a redución da contaminación lumínica, sen menoscabo da seguridade viaria, dos peóns e propiedades, que deben garantir as ditas instalacións. Ademais de facilitar a súa explotación e mantemento futuro.

Derrogación normativa: Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

Necesidade de Avaliación: Xustificación, comprobación do grao de implantación e aplicación da ordenanza en relación as instalación de iluminación exterior.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre.

-Regulamento do servizo municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese regular as condicións de prestación do servizo de saneamento e subministro domiciliario de auga potable; regulando as relacións entre a entidade que preste os servizos e os abonados do mesmo, sinalándose os dereitos e obrigacións básicas para cada unha das partes.

Derrogación normativa: Regulamento do servizo municipal de Abastecemento de auga e Saneamento de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 27.01.1993.

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 3º cuatrimestre 2019.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre 2020.

-Ordenanza xeral reguladora das obras na vía pública.

Obxectivo da norma: Coa norma preténdese regular as condicións da execución das obras na vía pública, así como a ocupación da mesma para a instalación, mantemento, modificación ou supresión de servizos.

Derrogación normativa: Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre 2020.

-Ordenanza municipal de limpeza pública viaria e praias.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal de limpeza pública aprobada o 26/05/1994, ao disposto na normativa sectorial actual, en especial á lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos y chans contaminados, regulando as actividades e comportamentos dirixidos á limpeza e correcta utilización das vías e espazos públicos, incluíndo as praias.

Á vista da evolución tecnolóxica que dende o ano 1994 se produciu nos tratamentos e procedementos de limpeza, considérase preciso a realización dunha nova ordenanza específica sobre este asunto, incluíndo así mesmo a limpeza das praias, en especial a zona do areal, que na actual ordenanza non estaba incluída.

Derrogación normativa: Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos aprobada por acordo Plenario de sesión 26/05/1994 (apartado IV das ordenanzas xerais de protección do medio ambiente)



Concello de Vigo

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º trimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º trimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º trimestre 2020.

-Ordenanza municipal reguladora da instalación de contenedores na vía pública e xestión dos residuos municipais.

Obxectivo da norma: Adaptación da ordenanza municipal de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos e a Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación de Contenedores na Vía Pública, aprobadas o 26/05/1994, ao disposto na normativa sectorial actual, en especial á lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, regulando a recollida de refugallos e residuos municipais e o seu transporte a xestores autorizados, así como a instalación en vía pública de recipientes para recibir estes residuos.

Á vista da evolución tecnolóxica que dende o ano 1994 se produciu nos modelos de contenerización, recollida e tratamento de residuos, considérase preciso a realización dunha nova ordenanza específica sobre estes aspectos.

Derrogación normativa: Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos aprobada por acordo Plenario de sesión 26/05/1994 (apartados IV e V das ordenanzas xerais de protección do medio ambiente).

Tramitación: A prevista nos artigos 49 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Data estimada de consulta pública previa á redacción do texto: 1º trimestre 2020.

Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º trimestre 2020.

Data estimada aprobación definitiva polo Pleno: 3º trimestre 2020.

Conforme ás propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2020 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza municipal de Protección do Medio Ambiente Atmosférico.
- Regulamento municipal de cemiterios.

- Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Ordenanza municipal de vertidos non domésticos de augas residuais.
- Ordenanza municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo.
- Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.
- Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.
- Ordenanza reguladora de VAOS, reservas de estacionamento en vía pública e accesibilidade de persoas con diversidade funcionalidade.
- Regulamento xeral aparcadoiros públicos da cidade de Vigo.
- Ordenanza reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.
- Regulamento regulador do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.
- Regulamento municipal regulador das instalacións de alumeadado público no termo municipal de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.
- Regulamento do servizo municipal de Abastecimento de Auga e Saneamento de Vigo.
- Ordenanza xeral reguladora das obras na vía pública.
- Ordenanza municipal de limpeza pública viaria e praias.
- Ordenanza municipal reguladora da instalación de contenedores na pía pública e xestión dos residuos municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8.- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2020. EXPTE. 3056/330.

Visto o informe xurídico do 05/12/19 e informe de fiscalización do 30/12/19, dáse conta do informe-proposta do 28/11/19, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, co xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 20 de novembro de 2019 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2020, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Re-fundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo de data 28 de novembro de 2019, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de in-cuestionable interese cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto no programa especial 3x3 que terá un prezo de 9 € pola súa extraordinaria repercusión e custe; e un prezo para os espectá-culos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custe total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu arti-go 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espec-táculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 es-pectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

Poderán establecerse descontos especiais do 50% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual, así como a mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro nesta franxa de idade que é a que menos asiste segundo os datos de asistencia ob-servados.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de Evenbrite, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2020, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

| DATA | COMPAÑÍA | ESPECTÁCULO | PREZO PRO-POSTO |
|----------|--|--|-----------------|
| 07/02/20 | Contraproducións | A compañeira de piso | 8 € |
| 08/02/20 | Contraproducións | A compañeira de piso | 8 € |
| 09/02/20 | Galitooon | The Show Moscón | 5 € |
| 14/02/20 | Sarabela Teatro | Crónicas do paraíso | 8 € |
| 16/02/20 | Teatro Avento | O libro da selva | 5 € |
| 21/02/20 | Malasombra Producións | Bernarda | 8 € |
| 23/02/20 | Os Monicreques de Kukas | Arlequina | 5 € |
| 28/02/20 | Marelas Producións | Liberto | 8 € |
| 01/03/20 | Aracaladanza | Play | 5 € |
| 06/03/20 | Programa 3x3: Teatro en Trance, Teatro en Punto e Zero en Conducta | Pulso, Margarita e LaPoubelle Plus Belle | 9 € |
| 07/03/20 | Programa 3x3: Teatro en Trance, Teatro en Punto e Zero en Conducta | Pulso, Margarita e LaPoubelle Plus Belle | 9 € |
| 08/03/20 | Pedras de Cartón | Lázaro de Tormes | 5 € |
| 13/03/20 | Teatro Kamikaze | Jauría | 8 € |
| 15/03/20 | Talía Teatro | Lambetadas | 5 € |
| 20/03/20 | Ibuprofeno Teatro | O mel non caduca | 8 € |
| 22/03/20 | Cía. Puntocero | Y ahora qué? | 5 € |
| 17/04/20 | Producións Teatráis Ex-céntricas | Medida por medida de Shakespeare | 8 € |
| 18/04/20 | Olivas | Doce uvas, dúas mulleres e unha oliva | 8 € |
| 19/04/20 | La Machina Teatro | Olivia y las plumas | 5 € |



Concello de Vigo

| | | | |
|----------|----------------------|---------------------|-----|
| 24/04/20 | Colectivo Verticalia | Alma (non é hippie) | 8 € |
| 25/04/20 | Exire | Médula | 8 € |
| 26/04/20 | Caramuxo Teatro | Catro | 5 € |

Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

A concellería da Área de Cultura ten asinado un protocolo de colaboración co IES Audiovisual de Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática polo que se establece un desconto dun 50 % no prezo da entrada para o alumnado e profesorado do centro que presente o carné da escola na billeteira e entrada do recinto. Por outro lado, e co gallo de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade por terse detectado que é o público máis difícil de enganchar, tamén se establecerá un desconto dun 50% no prezo da entrada a través de internet para aquelas persoas entre 12 e 18 anos que introduzcan o código de desconto "OTEATROMOLA" (deberán acreditar a idade no control de accesos).

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de Evenbrite, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA. EXPTE. 7605/104.

Visto o informe de fiscalización do 08/01/20, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa de Turismo e Industria, a concelleira-delegada de Área, o concelleiro de Orzamentos e Facenda e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, recolle no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración farase segundo se determine reglamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigo, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

Mediante a Resolución 12 de abril de 2004 se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2 de abril de 2004, que declara festa de Galicia de interese turístico, á festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas.

A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical "Cidade de Vigo - Vila de Bouzas".

Dende o servizo de Festas, apróbase cada ano un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas, que cargarse á partida 3380.489.0011 do Servizo de Festas. O Concello comprométese a conceder una subvención por importe de 18.100€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto "Convenio Comisión Festas de Bouzas"

En data 16 de decembro de 2019 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOG N°238, a RESOLUCIÓN do 3 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020.

PROPOSTA

1.- Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do "Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2020", ao abeiro da convocatoria da Axencia de Turismo de Galicia por importe de 4.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, Resolución de 3 de decembro de 2019, DOG N° 238, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico para Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

2.- O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 18.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2020.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

10.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 19.12.19 RELATIVO AO REQUIRIMENTO DE CUMPRIMENTO DA ENTREGA DOS ESPAZOS COMPRENDIDOS NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN "ABRIR VIGO AO MAR", REALIZADO AO CONCELLO DE VIGO POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO, CON DATA 19 DE NOVEMBRO DE 2019. EXPTE. 6106/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 9/01/20, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 19.12.2019 acordou entre outros asuntos:

“PRIMEIRO.- Rexeitar o requirimento previo dirixido pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo, en escrito de 19 de setembro de 2019 polo que «de acordo con la resolución de esta Presidencia, notificada el 26 de septiembre de 2019, se efectúa, a ese Ayuntamiento de Vigo, el REQUERIMIENTO PREVIO para que proceda a realizar las obras necesarias para la entrega de los espacios recogidos en el ámbito de la actuación “Abrir vigo al Mar” en perfecto estado de conservación, como así se hallaban en el momento de la entrega o procedan al abono de la cantidad resultante del presupuesto que se adjunta».

SEGUNDO.- Considerar rexeitado no devandito escrito da Autoridade Portuaria de Vigo, de 19 de setembro de 2019, o requirimento previo dirixido a esta pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, mediante acordo de 17 de outubro de 2019, notificado a Autoridade Portuaria de Vigo o 4 de novembro seguinte e, daquela, ante a rexeitamento de tal requirimento previo, interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da autoridade Portuaria de 25 de setembro de 2019, pola que se procede a «Declarar la concurrencia de causa de resolución —que se imputa ao Concello de Vigo— del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado “Abrir Vigo al Mar”, de conformidad con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

TERCEIRO.- Poñer a disposición da Autoridade Portuaria e facer entrega á mesma da posesión, detentada por esta Administración municipal aos efectos da súa conservación, mantemento e limpeza, das obras executadas e das superficies urbanizadas en execución do convenio «Abrir vigo ao Mar» e do mobiliario urbano existente nas mesmas; posta a disposición que se producirá coa notificación do presente acordo.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo a Autoridade Portuaria de Vigo e ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, con indicación de que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10.g LRJCA), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data da súa notificación, sen prexuízo da formulación do requirimento previo, previsto no artigo 44 LRJCA, e, no seu caso, de calquera outro recurso que consideren procedente.

QUINTO.- Dese conta, tamén, deste acordo aos distintos servizos municipais que veñan realizando actividades ou prestando servizos en virtude das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio «Abrir Vigo ao Mar» a fin de que polos mesmos se realicen as actuacións que procedan á vista da resolución definitiva en vía administrativa do dito convenio.”

II.- Revisado o expediente detectouse un erro material nos apartados primeiro e segundo da parte dispositiva do dito acordo, nos que erroneamente se indica como data do escrito da Autoridade Portuaria, no que se formula o requirimento que no citado acordo se rexeita, a de 19 de setembro de 2019 cando a data correcta, tal como se consigna na parte expositiva do acordo, é a de 19 de novembro de 2019.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En base ao exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro material existente no punto 1 e 2 da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2019 no sentido seguinte:

Onde di:

PRIMEIRO.- Rexeitar o requirimento previo dirixido pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo, en escrito de 19 de setembro de 2019 polo que «de acuerdo con la resolución de esta Presidencia, notificada el 26 de septiembre de 2019, se efectúa, a ese Ayuntamiento de Vigo, el REQUERIMIENTO PREVIO para que proceda a realizar las obras necesarias para la entrega de los espacios recogidos en el ámbito de la actuación “Abrir vigo al Mar” en perfecto estado de conservación, como así se hallaban en el momento de la entrega o procedan al abono de la cantidad resultante del presupuesto que se adjunta».

SEGUNDO.- Considerar rexeitado no devandito escrito da Autoridade Portuaria de Vigo, de 19 de setembro de 2019, o requirimento previo dirixido a esta pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, mediante acordo de 17 de outubro de 2019, notificado a Autoridade Portuaria de Vigo o 4 de novembro seguinte e, daquela, ante a rexeitamento de tal requirimento previo, interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da autoridade Portuaria de 25 de setembro de 2019, pola que se procede a «Declarar la concurrencia de causa de resolución —que se imputa ao Concello de Vigo— del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado “Abrir Vigo al



Concello de Vigo

Mar", de conformidade con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

Debe dicir:

PRIMEIRO.- Rexeitar o requirimento previo dirixido pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo, en escrito de 19 de novembro de 2019 polo que «de acordo con la resolución de esta Presidencia, notificada el 26 de septiembre de 2019, se efectúa, a ese Ayuntamiento de Vigo, el REQUERIMIENTO PREVIO para que proceda a realizar las obras necesarias para la entrega de los espacios recogidos en el ámbito de la actuación "Abrir vigo al Mar" en perfecto estado de conservación, como así se hallaban en el momento de la entrega o procedan al abono de la cantidad resultante del presupuesto que se adjunta».

SEGUNDO.- Considerar rexeitado no devandito escrito da Autoridade Portuaria de Vigo, de 19 de novembro de 2019, o requirimento previo dirixido a esta pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, mediante acordo de 17 de outubro de 2019, notificado a Autoridade Portuaria de Vigo o 4 de novembro seguinte e, daquela, ante a rexeitamento de tal requirimento previo, interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da autoridade Portuaria de 25 de setembro de 2019, pola que se procede a «Declarar la concurrencia de causa de resolución —que se imputa ao Concello de Vigo— del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado "Abrir Vigo al Mar", de conformidade con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez